

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 30 DE AGOSTO DE 2012.**

## **ASISTENTES:**

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

### Secretaria-Interventora:

D<sup>a</sup>. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:20 horas do día trinta de agosto de 2012, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pasanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES**

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 28/06/2012, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Sinalase a necesidade de rectificar no punto 5.1 de aprobación de facturas, débese retirar a factura a nome de Naveira y Suárez, S.L., por ser aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 28/06/2012, así como a factura e abono de Geriatria Siglo XXI, S.L., que debería ser incluída na sesión do 31/05/2012 por constar rexistrada por intervención do mes de maio. A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda por unanimidade:

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 28/06/2012 coas rectificacións sinaladas.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

#### **2.1.1.- CERTIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA CANTIDADE A TRANSFERIR POLA PRESTACIÓN AXUDA NO FOGAR.**

Pola secretaria dase conta da certificación enviada pola da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada 1215 de data 01/08/2012, da cantidade que se liquidará e transferirá a este Concello correspondente ao 2º trimestre 2012 pola prestación de axuda no fogar: 11.724,10 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.2.- CONVENIO ASINADO CO CONCELLO DE MESÍA PARA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS NA MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO.**

Pola secretaria dáse conta dun exemplar do convenio de colaboración asinado co Concello de Mesía en data 13 de agosto de 2012 para a realización de prácticas na Miniresidencia e Centro de día de Boimorto do alumnado da especialidade de “Atención sociosanitaria a dependentes en institucións sociais” do Obradoiro de Emprego Mesía-Frades-Curtis I, que se impartirá no Concello de Mesía.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PARA SUFRAGAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS XULGADOS DE PAZ.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Delegación Territorial da Coruña, rexistro de entrada 1296 de data 14/08/2012, no que se achega o resolución de concesión de subvención para sufragar os gastos do Xulgado de Paz, a cantidade para este ano que lle corresponde ao Concello segundo as cifras oficiais de poboación é de 1.570,34 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.4.- ESCRITO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS ACOMPAÑADO DE GUÍA DE ESTUDOS DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada 1357 de data 27/08/2012, no que se informa que o artigo 11º da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección de paisaxe de Galicia establece que en todos os proxectos que deban someterse ao procedemento de Declaración de impacto ambiental, as entidades promotores deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística e co obxecto de servir de marco metodolóxico para os profesionais que teñan que elaborar e avaliar ditos estudos achegáse un exemplar da Guía de Estudos de Impacto e Integración Paisaxística. Asemade o seu contido pódese consultar na Estratexia da Paisaxe Galega en: <http://www.cmati.xunta.es>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.5.- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS RESPONDENDO Á CONSULTA REALIZADA POR ESTE CONCELLO EN RELACIÓN CUNHA SEGREGACIÓN.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, rexistro de entrada 1206 de data 31/07/2012 no que se informa sobre a consulta realizada por este Concello en relación a unha parcela de titularidade privada destinada en parte a equipamento público.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan por unanimidade pedir aclaración da resposta de urbanismo no caso de que a segregación divida en dúas parcelas á parte da parcela afectada pola calificación como equipamento público.

#### **2.1.6.- RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA EN RELACIÓN CO SOLICITUDE PRESENTADA POR ESTE CONCELLO PARA O PARQUE EMPRESARIAL**

Pola secretaria dáse conta da resolución ditada polo conselleiro de Economía e Industria para a Orde do 3 de abril de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia, rexistro de entrada 1366 de 28/08/2012, na que se resolve inadmitir a trámite e proceder ao arquivo da solicitude presentada por este Concello ao non poder ter a condición de beneficiario por estar orientada a orde a parques xa implantados no concello (art 2 das bases) para a habilitación e mellora de infraestruturas e o parque deste concello encóntrase en fase de urbanización.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.7.- RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN NOVO TEXTO DE CONVENIO DE SERVIZOS SOCIAIS 2012**

Pola secretaria dáse conta da resolución ditada polo presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada 1331 de 21/08/2012, na que resolve deixar sen efecto a Resolución de Presidencia número 10719 de data 18 de xuño de 2012 relativa á aprobación da formalización e texto do Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña con 83 Concellos en garantía de prestación, implantación e funcionamento dos Servizos Sociais Municipais (ano 2012) e aprobar o novo texto de Covenio no que se recollen as modificacións das cuantías ao haberse incrementado as mesmas nos expedientes de modificación de créditos, quedando a distribución do seguinte modo:

Traballadora social: 13.915,53 Euros.

Técnico Grado Medio, XC: 6.422,55 Euros.

Auxiliares de axuda no fogar: 17.643,83 Euros.

Addenda 1 Técnico de grado medio: 4.855,83 Euros.

Addenda 2 Técnico de grado medio: 2.650,47 Euros.

Total achega provincial: 45.488,21 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.8.- ESCRITO DA SOCIEDAD GALEGA DE MEDIO AMBIENTE (SOGAMA) INFORMANDO SOBRE O TIPO DE IVE APLICABLE Á FACTURACIÓN EMITIDAS POLO SERVIZO PRESTADO POR ESTA ENTIDADE.**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido polo presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., rexistro de entrada 1190 de data 30/07/2012, no que se informa que a partir do 1 de setembro de 2012 o tipo aplicable á factura emitida polos servizos de tratamento realizados sobre mercancía entregada a partir do mes de setembro será do 10 por 100.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.9.- ESCRITO DE UNIÓN FENOSA COMERCIAL, S.L. INFORMANDO QUE SE PROCEDEU Á ACTUALIZACIÓN DA FORMA DE PAGO DOS CONTRATOS DE SUBMINISTRO ELÉCTRICO.**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido por Unión Fenosa Comercial, S.L., rexistro de entrada 1294 de data 14/08/2012, no que se informa que atendendo á solicitude formulada por este Concello, procedeuse á actualización da forma de pago a NON domiciliada asociada aos contratos de subministro eléctrico que temos con esta compañía.  
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.2.- ESCRITOS PARTICULARES**

### **2.2.1.- ESCRITOS PRESENTADOS POLAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE ARCEO E SENDELLE E POLA AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA SANTIAGUIÑOS.**

Pola secretaria dáse conta dos escritos presentados polas seguintes asociacións, solicitando a inclusión de actuacións no plan DTC 94:

- Asociación de veciños de Arceo, con rexistro de entrada número 1230 en data 03/08/2012
- Asociación de veciños “Campo da Rula” de Sendelle, con rexistro de entrada número 1346 en data 24/05/2012
- Agrupación folclórica “Os Santiaguíños”.

Sinala o alcalde que viu a información falsa falicitada polo grupo municipal do Partido Popular de Boimorto aos veciños e asociacións sobre proxectos a incluír no DTC.

Vistas as bases reguladoras do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos” publicadas no BOP n145 de data 3 de agosto de 2012.

Visto o informe de Secretaría-Intervención que se transcribe literalmente:

Rebeca Vázquez Vázquez Secretaría Interventora do Concello de Boimorto, visto o artigo 3.A) do Real Decreto 1174/1987 do 18 de setembro polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional en relación e cumprimento da Provindencia da Alcaldía de data 22/08/2012 na que solicita informe sobre inversións relacionadas co plan provincial de financiamento extraordinario de obras e servizos municipais PEFO 2012 .

#### **INFORMO:**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

Artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local

Bases reguladoras do Plan DTC 94 unha deputación para todos os Concellos publicadas no BOP nº 145 de data 1/8/2012.

#### **CONSIDERACIÓNS:**

**1.-Segundo as bases que regulan esta financiación subvencionada pola Excmá Diputación Provincial de A Coruña e indicadas no apartado de lexislación aplicable deste informe as obras as que se poden destinar estos fondos son as de reparación ou mantemento dos**

edificios ou das instalacións municipais ou camiños ou alumeados públicos e as reparacións ou mantementos de subministración de auga potable e rede de sumidoiros sinalando no artigo 2 estas bases que en todo caso deben ser obras para as que o concello teña a plena disponibilidad de terreos necesarios e que non precisen de autorizacións ou de ser precisas se conte con elas no momento da solicitude, así mesmo poderán solicitarse a inclusión de adquisición de maquinaria material técnico especial ou vehículos directamente destinados ao funcionamento dos servizos públicos .

Polo que non se poden incluír acondicionamento de traídas de augas particulares nin rede wimax, nin nova construción de área recreativa en Arceo nin construcións de depósito de auga para os gandeiros nin soterramento de liñas eléctricas de tensión, nin subvencións para asociacións veciñais nin evidentemente festa dos maiores , advertindo esta Secretaría que de incluírse estas inversións poderían perderse os cartos outorgados a Boimorto neste Plan xa que non cumprirían estas inversións coas bases reguladoras deste financiamento que insisto falan de obras de reparación e mantemento de edificios e instalacións municipais xa existentes mantemento de camiños municipais e alumeados públicos ou reparacións ou mantementos de subministracións de auga potable e da rede de sumidoiros.

**2.-En relación a gastos correntes a financiar no marco deste plan** vistas as bases que o regulan teñen que estar total e directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación , que son para Boimorto segundo o artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local os seguintes ( tamén gastos en socorristas praias e piscinas non subvencionados por outros programas provinciais ou doutras administracións públicas ) :

#### **Artículo 26.**

**1. Los Municipios por sí o asociados deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:**

**En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población, pavimentación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas.....**

En los Municipios con población **superior a 5.000 habitantes-equivalentes**, además: parque público, biblioteca pública, mercado y tratamiento de residuos.

En los municipios con población **superior a 20.000 habitantes-equivalentes**, además: protección civil, prestación de servicios sociales, prevención y extinción de incendios e instalaciónes deportivas de uso público.

En los Municipios con población **superior a 50.000 habitantes-equivalentes**, además: transporte colectivo urbano de viajeros y protección del medio ambiente.

**A vista do informado e de ditas bases non e posible utilizar esta subvención para financiar aportacións a asociacións veciñais ou festa dos maiores co risco de perdela en caso de pedir para estes gastos.**

3.- A vista do informe solicitado na Providencia da Alcaldía de data 22/08/2012 so as obras referidas a aglomeración de carreteras e arranxo de pistas poden incluírse nesta subvención.

Este e o meu informe formado por dúas páxinas que emito en interpretación da lexislación vixente indicada e salvo erro ou omisión involuntaria salvo erro ou omisión involuntaria e sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito.

Boimorto 22/08/2012  
A Secretaría Interventora:

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

A Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unha unanimidade **ACORDAN:**  
**PRIMEIRO.-** Informar a ditas asociacións da colaboración que o Concello ven mantendo coas distintas asociacións/agrupacións no mantemento dos locais sociais, que se poñen a súa disposición e asesorándolles para obtención de subvencións pola Xunta e Deputación Provincial.

**SEGUNDO.-** Informar ás asociacións/agrupacións que é imposible solicitar neste plan as inversións propostas, que implicaría, de así facelo, a perda da subvención por parte deste Concello.

**TERCEIRO.-** Informar á asociación de veciños de Arceo que no ano 2004 había un proxecto para ampliación da Ponte pero os veciños non cederon os terreos e na actualidade os concellos de Mesía e Boimorto teñen solicitado á Consellería de Medio Rural esta ampliación.

### **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS**

#### **3.1.- LICENZAS**

##### **3.1.1.- INFORME FAVORABLE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDEANDO A REMISIÓN A MEDIO AMBIENTE DO EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE SOMETIDA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL PROMOVIDO POR D. ÁNGEL BAQUEIRO MEIJIDE EN REPRESENTACIÓN DA SOCIEDADE EXPLOTACIÓN CAMPERA DE LOS HUEVOS DE ORO, S.C.**

Examinado o expediente promovido por D. Ángel Baqueiro Meijide, en representación da sociedade Explotación campera de los huevos de oro, S.C, en virtude da instancia número 904 de data 22 de xuño de 2012, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras en Sobreira-Boimorto, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

Resultando que o proxecto técnico presentado inicialmente foi completado con "Anexo a Proxecto: de nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras" con rexistro de entrada no Concello 1287 de data 13/08/2012 e "Anexo II a Proxecto: de nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras" con rexistro de entrada no Concello 1349 de data 27/08/2012; e resultando, que se cumpriron os trámites de información pública durante o prazo de vinte días hábiles, mediante edito inserido no taboleiro de anuncios do Concello, no BOP núm. 133 do 13/07/2012 e no DOG núm. 132 do 11/07/2012 e notificación aos veciños inmediatos e incorporando os informes dos servizos técnicos municipais asinados por don Ángel Delgado Cid de datas 4 de xullo de 2012 e 27 de agosto de 2012 sobre compatibilidade da actividade e incidencia ambiental.

Considerando, que o proxecto técnico e os anexos que o complementa reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente.

Advertindo a Secretaría Intervención deste Concello que á vista deste expediente de incidencia ambiental e dos informes dos servizos técnicos que constan nel, e visto o informe urbanístico asinado por D. Angel Delgado Cid de data 27/08/2012, é necesario o cumprimento das obrigas municipais en relación coa reposición da legalidade urbanística e sanción de infraccións cometidas en solo rústico pola realización de construcións e usos non autorizadas/os tanto na parcela 149 na que se solicita licenza nova, con peche e galpón e casa de uso residencial non autorizados, como na limitrofe a que se refire o escrito con rexistro de entrada 794 en data 6/6/2012 presentado por Dna. María Isabel Gómez Arto no que pide arquivo do expediente de obra e actividade 71/2003 e pon en coñecemento do Concello a existencia de construción en parcela rústica sen licenza/s que o técnico identifica con uso agropecuario inda que non estaba en funcionamento o día da visita técnica, e cuxo funcionamento conlevaría o incumprimento das distancias entre explotacións esixidas legalmente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto segundo informe técnico de data 16/07/2012 asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Ángel Delgado Cid non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respetan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Visto o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en particular o artigo 9.1, e demais Disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Informar favorablemente a concesión de licenza municipal de actividade instada por D. Ángel Baqueiro Meijide, en representación da sociedade Explotación campera de los huevos de oro, S.C., en virtude da instancia número 904 de data 22 de xuño de 2012, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras en Sobreira-Boimorto, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para os efectos previstos no artigo 10 do referido Decreto.

## **3.2. PERMISOS E AUTORIZACIONES**

### **3.2.1. AUTORIZACION CELEBRACIÓN FESTAS NA PARROQUIA DE BRATES**

Vista a instancia subscrita por **D. Daniel Peteiro López**, veciño de Brates, actuando en representación da comisión de festas encargada da organización das festas populares en honor a Santa Lucía na parroquia de Brates, pretendéndose a súa celebración no lugar de **Casal**, parroquia de **Brates**, deste termo municipal, durante os días **8 e 9 de setembro de 2012**, cos documentos que á mesma se acompañan, solicitando a correspondente licenza desta Alcaldía; tendo en conta que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de data 27 de Agosto de 1982, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Autorizar a D. Daniel Peteiro López a celebración da festa os día 8 e 9 de setembro na parroquia de Brates, celebración de bailes e verbenas populares gratuítos, ó aire libre, co núm. identificativo **2.9.2**, de acordo co Decreto 292/2004, de 18 de novembro de 2004, no mencionado lugar e parroquia, deste termo municipal, durante os referidos días, tal como se solicita.

A terminación de tales bailes e verbenas axustarase ó horario fixado regulamentariamente polo órgano competente.

Teranse en conta as prescricións dos artigos 35 e 48 do mencionado Regulamento, facéndose constar, expresamente, que non poderán funcionar no recinto dos festexos ningunha clase de

barracas de tiro ó branco, tómbolas, cabaliños xiratorios, carruseis, bambáns, postos de bebidas, churrerías e demais establecementos de diversión ou servicio ó público sen proveerse, previamente, da correspondente autorización desta Alcaldía, de acordo co que dispón o art. 48 do xa repetido Regulamento. Igualmente cumprírase a Orde ministerial de 3 de outubro de 1973, que prohíbe a fabricación, circulación e venda de certos obxectos explosivos para uso infantil, sendo tamén responsable o titular da licenza dos incendios que se puideran ocasionar por uso de foguetes, globos, fogos de artificio e similares.

Así mesmo, no que se refire á instalación eléctrica que se utilice para a iluminación do recinto dos festexos, faise constar, de modo expreso, que deberá ser realizada únicamente por empresas instaladoras, en cumprimento ó ordenado no parágrafo 2º do art. 18 do Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

**En canto á utilización dos fogos de artificio respetarase a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios e normativa de desenvolvemento, modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, así como instrucións da Consellería do Medio Rural. Quedan prohibidos os fogos de artificio naqueles lugares do Concello que a Xunta determine con IRDI extremo . O IRDI (Índice de risco diario de incendio forestal), actualizado diariamente, será consultado polo solicitante, na seguinte ligazón: [http://mediorural.xunta.es/areas/forestal/incendios\\_forestais/irdi](http://mediorural.xunta.es/areas/forestal/incendios_forestais/irdi) a efectos de averiguar que non incumple as condicións citadas.**

Anexo instrucións e condicionantes segundo esta normativa para a realización de espectáculos pirotécnicos.

Como anexo da licenza que se entregue ó solicitante, daráselle traslado, en folla á parte e supletoria, do contido da Orde ministerial que se cita anteriormente, así como do texto dos artigos 35 e 48 do varias veces citado Regulamento.

**SEGUNDO.-** Notifíquese esta resolución ó solicitante e dease traslado do seu contido ó Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ó Sr. Comandante do Posto da Garda Civil de Boimorto para o seu coñecemento e para os efectos dos artigos 74 e 78 ó 80, respectivamente, do xa reiterado Regulamento.

### **3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA 7/2012**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1333, con data 22/08/2012, presentada por Dna. María Josefa Barreiro Furelos, con domicilio a efectos de notificación na rúa Monte do Gozo, 12 2º esc., Santiago de Compostela, na que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 6 do lugar de Vila, parroquia de Mercurín, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**



**PRIMEIRO.-** Outorgar a Dna. María Josefa Barreiro Furelos, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 6 do lugar de Vila, parroquia de Mercurín, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 12/2012**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1323, con data 20/08/2012, presentada por D. Eladio Sandá Mato, con domicilio a efectos de notificación no número 12 do lugar de Arentía, pertencente á parroquia de Andabao, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 12 do lugar de Arentía, parroquia de Andabao, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Emilio Sandá Mato, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 12 do lugar de Arentía, parroquia de Andabao, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.4.- SOLICITUDE BAIXA NO PADRÓN DE LIXO DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA.**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1354 con data 27/08/2012, presentada por Dna. María Meijide Seoane, DNI núm. 32.356.582K, con domicilio a efectos de notificación en Carretera de Bueu, número 7 - 3º, Aldán, Cangas de Morrazo, Pontevedra, actuando en representación da sociedade Comunidade de Herdeiros de María Seoane Mato, CIF núm. E-15799372 e con domicilio no lugar de Vilar, parroquia de Sendelle, deste termo municipal, na que solicita a baixa na taxa de lixo da mencionada sociedade por cese da actividade de explotación gandeira o día 9 de marzo de 2012.

Vista a ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por recollida de lixo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Dar de baixa no Padrón de lixo a explotación gandeira sita no lugar de Vilar, parroquia de Sendelle, ao haber cesado na actividade con data 9 de marzo de 2012, que surtirá efectos a partir do 01/09/2012.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

#### **4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

##### **4.1.- URBANISMO**

##### **4.1.1.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA URBANA “DOS ASIENTOS” LICENZA URBANÍSTICA Nº 23/2012**

Vista solicitude presentada (con entrada en data 15/06/2012 nº 859) polos irmáns D. Luciano, D. Manuel e D. José Cajide Mato, acompañada de proposta de segregación de finca urbana e o seu certificado descriptivo para segregar a finca urbana “Dos Asientos” con referencia catastral urbana (1119109NH7611N) redactado polo arquitecto D. Antonio Balboa Pombo, colexiado número 1.055, sen visar.

Con data 25/06/2012 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións polo que o 9/08/2012, os irmáns Cajide Mato presentaron proxecto de parcelación urbanística dunha finca e certificado descriptivo das tres resultantes redactado polo arquitecto D. Antonio Balboa Pombo, colexiado número 1.055, visado polo Colexio de arquitectos de Galicia en data 20 de xullo de 2012

A parcela está cualificada no PXOM como solo de urbano, coa ordenanza de edificación extensiva, conta cunha superficie bruta segundo recente medición de 1.440,15 m<sup>2</sup> e preténdese a segregación en tres parcelas.

Vistos os informes favorables ao outorgamento de licenza de segregación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega en data 13/08/2012 e fundamentando o informe no artigo 11 e 100 do PXOM de Boimorto e nos artigos 205 e 207 da Lei 9/2002 LOUPMR de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo.

Visto o informe de secretaría que consta no expediente de data 30/08/2012

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de segregación aos irmáns D. Luciano, D. José e D. Manuel Cajide Mato para segregar a finca urbana “Dos Asientos” con referencia catastral “Dos Asientos” urbana (1119109NH7611N), cunha superficie inicial de 1.440,15 m<sup>2</sup> en:

A) Finca A de 558,71 m<sup>2</sup> cun fronte mínimo a vía pública de 8 m. Unha vez descontados os terreos de cesión para a regularización do viario (5,98+6,15 m<sup>2</sup>) queda a parcela neta en (546,58 m<sup>2</sup>)

Nesta parcela existe unha edificación destinada a vivenda cunha superficie construída de 102 m<sup>2</sup>.

B) Finca B de 535,00 m<sup>2</sup> cun fronte mínimo a vía pública de 11,38 m. Unha vez descontados os terreos de cesión para a regularización do viario (9,22 m<sup>2</sup>) queda a parcela neta en (525,78 m<sup>2</sup>)

Nesta parcela existe unha edificación destinada a galpón cunha superficie construída de 69,13 m<sup>2</sup>

C) Finca C de 346,44 m<sup>2</sup> cun fronte mínimo a vía pública de 11,38 m. Unha vez descontados os terreos de cesión para a regularización do viario (8,80 m<sup>2</sup>) queda a parcela neta en (337,64 m<sup>2</sup>)

Nesta parcela existe un pozo.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de segregación ás seguintes condicións:

.- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Conforme ao proxecto presentado as tres parcelas quedan delimitadas con cesión de viario uso público polo que a cesión é necesaria para que as parcelas sexan ou queden como edificables, a cesión terá que formalizarse en escritura pública acompañada de plano ou documento gráfico onde se exprese con precisión a superficie obxecto de cesión conforme as aliñeacións establecidas.

.- A segregación axustarase ao establecido nos artigos 205 e 207 da Lei 9/2012 e no PXOM do Concello de Boimorto.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo aos interesados aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

#### **4.1.2.- DENEGACIÓN DE LICENZA DE SEGREGACIÓN SOLICITADA POR DNA. LUCÍA GAREA FARIÑAS.**

Vista solicitude presentada (con entrada en data 13/08/2012 nº 1288) por Dna. Lucía Garea Fariñas, acompañada de proxecto de segregación da parcela denominada Tarreo Francés, número 504 da zona de concentración parcelaria de Dormea cunha superficie de 41.940 m<sup>2</sup> e referencia catastral 15010A508005040000JG redactado polo Técnico Superior en Operacións Topográficas D. José García Pernas, colexiado nº 625, sen visar.

Visto o informe emitido polos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega en data 22/08/2012 no que se sinala que a finca que se pretende segregar sitúase en solo rústico de protección agropecuaria, polo que a pretendida segregación non cumpre o disposto no artigo 206 da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxente de modificación da Lei 9/2012, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Denegar a licenza de segregación solicitada por Dna. Lucía Garea Fariñas para dividir a finca número 504 da zona de concentración parcelaria de Dormea polos motivos que se expoñen na parte expositiva deste acordo.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

#### **4.1.3.- ACLARACIÓN SOBRE A LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN OUTORGADA A MARÍA VEIGA MEJUTO EN SESIÓN DE DATA 26/07/2012**

Pola secretaria infórmase que en relación coa licenza de primeira ocupación outorgada a María Veiga Mejuto en sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 26/07/2012 existe unha fianza constituída pola interada por importe de 872 €uros como garantía das obras de urbanización da licenza de obra maior (LO 28/2008) de data 31 de xullo de 2008.

Considerando que as obras de urbanización xa deberían estar executadas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Requerir a Dna. María Veiga Mejuto para que no prazo dun mes realice as obras de urbanización, que comezará a contar partir do día seguinte ao recibo do presente acordo, en caso contrario executarase o aval.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

#### **4.2.- OBRAS E SERVIZOS**

##### **4.2.1.- CONTRATACIÓN MENOR DO SUBMINISTRO DE SINALIZACIÓN E CARTEIS PARA O FESTIVAL DE LA LUZ.**

Visto a necesidade de adquisición de sinalización e carteis para o Festival de la Luz

Visto informe de secretaría e certificación de existencia de crédito da secretaria interventora de data 30/08/2012 que consta no expediente.

Vista a oferta presentada pola empresa Grafo-Ideas Diseño y Rotulación S.C. con CIF J15631252, de data 03/09/2012, para subministro de carteis e sinalización para o Festival de la Luz.

